

QUERIDAS AMIGAS E AMIGOS:

AGORA QUE XA ME COÑECEDES, DESPOIS DE PRESENTARME NA ANTERIOR CARTA, QUERO CONVIDARVOS A QUE VEÑADES A VISITARME! GUSTARÍAME QUE VIÑERADES Á NOSA BIBLIOTECA, QUE SE ATOPA EN ASADOS E QUE MOITAS DE VÓS XA A COÑECEDES, O LUNS 20 DE NOVEMBRO.

VIREDES EN AUTOBÚS, QUE É TODA UNHA EXPERIENCIA, SOBRE TODO PARA AS NOVAS COMPAÑEIRAS E COMPAÑEIROS, E BOTAREMOS TODA A MAÑÁ XUNTOS FACENDO VARIAS ACTIVIDADES:

-VOLVEREMOS FACER XIMNASIA ACROBÁTICA COMO O ANO PASADO. QUEN O RECORDA?

-O PROFE ALFONSO ESPÉRANOS CON VARIOS INSTRUMENTOS PARA FACER MÚSICA!

-E POR ÚLTIMO, PODEREDES DESFRUTAR DA NOSA BIBLIOTECA! NESTE LUGAR TAN MÁXICO, NO QUE TANTAS HISTORIAS TEÑEN LUGAR, UNHA MOZA CHAMADA SARA CONTARANOS UN CONTO, EN FORMA DE TEATRO. A QUEN LLE SONA O CONTO "YO VOY CONMIGO?". TRANQUILAS, SI NON O COÑECEDES AÍNDA, O LUNS TEREDES A OPORTUNIDADE DE FACELO. DESPOIS DO CONTO TERÁ LUGAR OUTRA ACTIVIDADE QUE SARA NOS TEN PREPARADA.

QUE ME DICES? TENDES GANAS DE VIR VISITARME Á BIBLIOTECA? ESPERO QUE SI! AGARDO ANSIOSO QUE CHEGUE A DATA PARA REENCONTRARME CON TODAS E TODOS VÓS!

SEN MÁIS, DESPÍDESE DE VÓS O VOS AMIGO DANIEL.

UNHA MOREA DE BICOS!

DANIEL.